

Responsábel: Manuel ESPÍÑA

## A modo de presentación

Nesta sección «Crónica» tencionamos deixar constancia dos feitos mais resoantes do cristianismo galego no seu vivir diario. Estas páxinas queren ser simplemente unha crónica das cousas que pasan. En principio procuraremos limitarnos a iso: informar do que sucede e do que hai. Sen pretender emitir outros xuízos críticos que os que poden intercalarse fugazmente e de modo esporádico nunha crónica informativa.

Creemos que a información adecuada é presuposto ineludíbel para que poda formarse unha opinión, crítica e razoada. Estamos, pois, totalmente de acordo con aquela idea feliz que acompañou o lanzamento de **Teima**: «un país que sabe das súas cousas reafirma a súa identidade». Esta «Crónica» quixera, desde o ámbito específico da nosa revista, contribuir nalgunha medida a reafirmar a nosa identidade de cristiãos galegos.

Esta vez reducimos a nosa crónica ao XIV Coloquio Galego. Quixéramos, así, rendir sincero homenaxe a esa plataforma vivente, á que **Encrucillada** debe en boa medida a existencia.

## O XIV COLOQUIO GALEGO DE CRISTIÁNS PRONUNCIÓUSE POR UNHA SOCIEDADE SOCIALISTA

Por Celso MONTERO

Ao anoitecer do 9 de xaneiro, domingo, un cento de crentes comprometidos co pobo abandonaban a Residencia do Pilar (Compañía de María) de Santiago de Compostela para espallarse de novo polas cinco dióceses galegas a que

pertencen. Segundo os casos, despedíanse con apertóns de maos, abrazos o un «até a próxima» acompañado de esa fácil e comunicativa simpatía xenerada entre os que veñen asistindo aos Coloquios desde hai anos. Sen publicidade alonha, debido á inseguridade de que non fosen de novo prohibidos como foran dez semanas antes polo gobernador de Pontevedra (proxeitados entón en Poio), acababan de clausurar a XIV edición dos «Coloquios Galegos de Cristiaos». Antes de senararse, os participantes facían público un comunicado resumindo dous días intensos de reflexión, que os lectores atoparán noutra páxina de *Encrucillada*.

### Un tema comprometido

Característica deste Coloquio foi —seña tamén dos tempos— que debéu xirar encol dun tema comprometido: “O cristiao ante a coiuntura actual da Galiza”. E comprometido foi asimesmo o método escollido para desenrolalo: invitar os diversos partidos políticos a expoñer cómo ven eles hoxe a situación política do noso país. Método riscoso, pero máis imparcial que calquer outro. Pois sería practicamente imposible hoxe atopar unha persoa que poidese dar ela só unha visión panorámica de política de Galiza, que ao mesmo tempo fose tan imparcial que ningún partido se sentise inxustamente tratado. Parece pois acertado que se deixase espoñer a súa política aos que a fan, e que logo seguisen reflexionando os crentes preocupados por unha opción política coerente coa fé.

### Escoitar os partidos

O Secretariado dos Coloquios dirixíralles unha enquisa de cinco preguntas fundamentais aos partidos invitados a expoñer a súa posición: 1) ¿Qué proxecto ten de sociedade e qué vieiros propón para conquerilo? 2) ¿Cómo entende a ruptura política e sindical? 3) ¿Cál é a súa posición ante o problema nacional galego? 4) ¿Propugna a colectivización dos meios de produción?; ¿qué modelo de socialismo defende, en caso de declararse socialista? 5) ¿Cál é a súa posición ante a Igrexa, no momento actual e de cara ao futuro?

A estes interrogantes contestaron por escrito os partidos invitados, e viñeron ao Coloquio a expor a súa posición verbalmente Alexandre Léis Carlés, pola Federación Socialista Galega do PSEO; Xosé-Manuel Beiras Torrado, polo Partido Socialista Galego (PSG); Pedro Arias e Victoria Díaz, polo Partido Comunista de Galiza (PCG); Fernando García Agudín, polo Partido Popular Galego (PPG); Xoaquín Acosta Beiras, polo Partido Galego Social Demócrata (PGSD); Xesús Vega Buxán e Carmen Santos Castroviejo, polo Movemento Comunista de Galiza (MCG); e Camilo Nogueira, pola Unión do Povo Galego (UPG).

Cuase todos expresaron a súa gratitude por haber sido invitados e, sen dúbida, por non haber aceptado o Secretariado excluir os “ilegáis” ou “ilegalizábeis” como se suxerira discriminatoriamente nalgún meio oficial. A súa vez, a assembleia expresoulles no comunicado final a súa gratitude a todos eles pola súa presenza e colaboración.

A maior parte expuxeron proxectos de sociedade que tenden ao socialismo, uns de maneira mais radical e outros a mais longo prazo. O que non podían resultar igualmente convincentes eran os camiños propostos para conqúerilo.

### **Non estaban todos**

Tampouco cabe dúbida que non estaban todos. Faltaban os partidos da dereita democrática (de centro-dereita si había, anque a moda de chamarse de esquerdas lles dificulte hoxe recoñecelo). Faltaba algún como o Partido Carlista, tan interesante desde o punto de vista relixioso e dos que politicamente mais evolucionaron nos derradeiros anos. Faltou voluntariamente (anque fora invitado e comprometérase a estar) o Partido do Traballo. ¿Hai que relacionar esta ausencia coas declaracións efectuadas hai pouco polo seu Secretario xeral, Eladio García no senso de que nese partido (PTE) non caben militantes cristiãos? En calquer caso, moitos houbéramoslle agradecido que estivese presente, anque fora para explicarnos de qué maneira ve ele aos cristiãos e qué razóns ten para excluílos.

De todas as maneiras, eu penso que, nun momento en que todos os partidos da Oposición negocian conxuntamente unha saída pacífica da ditadura para a democracia, non houbera estado por demais poder ouvir tamén algun partido de inequívoca dereita democrática. Así, o espectro sería mais comprido, e iso non quitaba nada de liberdade aos participantes para esclarecer evanxélicamente a súa opción política.

### **Para achar opcións válidas**

A reflexión foi precedida de sendas exposicións dos teólogos Xulio Lois e Reyes Mate. Lois falou sobre as “Opcións válidas para un cristião hoxe”. Fixóuse no carácter necesariamente inmanente e ao mesmo tempo transcendente da fé respecto da política. Logo expuxo algúns criterios de discernimento e pistas de solución. Ao respecto, fixo fincapé na concepción do cristianismo como liberación e chamada á solidariedade. A construción dun mundo solidario e irmanado, dixo, esixe o compromiso de loita pola causa dos pobres e oprimidos. Compromiso que non é só e excluintemente político, pero que non sería completo nen coerente a nivel histórico de hoxe se non fose tamén político. Lóxicamente, esta loita política levase adiante nos partidos que están identificados coas causas populares. E hai que lembrar ao respecto que as alternativas políticas fundamentais hoxe son somente dúas: a capitalista e a socialista.

No coloquio subseguinte e respondendo a preguntas que se lle fixeron Lois contestou que algunhas notas que poderían especificar o compromiso político do crente serían: a “futurización”, que debe levar o militante cristiao a loitar por unha continua mellora e crecemento, sen aferrarse dogmáticamente a ningunha fórmula histórica determinada; algunhas “motivacións especiais” para a loita, como é a “liberdade fronte á morte” a exemplo de Cristo; complementar o compromiso político (nos grupos e partidos que loitan pola xustiza) coa “solidaridade cos grupos politicamente non relevantes” (o mundo dos enfermos, dos subnormais, dos vellos, dos xitanos...).

### O pluralismo na Igrexa

Mate desenrolou o tema “Pluralismo na Igrexa” a nivel de Estado español. Describú o proceso histórico da Igrexa española, desde a identificación abrumadoramente maioritaria co bando vencedor da guerra civil e conseguinte posta en marcha do chamado “nacional-catolicismo”, até o actual enfrentamento entre as correntes de crentes ultraintegristas e revolucionarios. Polo camiño quedaron —¿ou inda siguen?— os movementos de Acción Católica e a súa crise, a Asamblea Conxunta, a doutrina social da Igrexa. Marcaron fitos importantes o Concilio Vaticano II e o surdimento da teoloxía da liberación. Entre os grupos ultraintegristas e os revolucionarios están algúns coa pretensión de ocupar o “xusto meio”, os encadrados nas correntes conservadoras, reformistas e progresistas. Fixo especial mención das correntes “Cristiaos polo socialismo” (CPS) e “Comunidades de base”.

Logo referiuse á función social da Igrexa (en canto institución, como a Universidade ou o Sindicato), a súa función ideolóxica e intentou unha explicación teolóxica da Igrexa. A pregunta fundamental que o marxismo lle fai á Igrexa é se ten algo verificábel que aportar á liberación do home.

### Por unha sociedade socialista.

Nas reflexións de grupos foron coallando ideaais que logo se concretarían no comunicado final. Nele están en efecto resumidas as conclusións que os participantes neste XIV Coloquio, despois de debatilas e mesmo votalas en assemblea, fixeron suas e comunicaron ao público.

Nese comunicado final, que a Prensa diaria publicaría o martes día 11, os participantes reafirmaban o seu convencimento de que o feito de celebrar os Coloquios pese á devandita prohibición, supuña un novo triunfo na loita por conquistar as liberdades. Triunfo do dereito dos participantes a expresarse e xuntarse, e colaboración á legalización de todos os partidos políticos sen exclusións ao non aceptar a suxerencia de que se excluise aos declarados oficialmente “ilegalizábeis”.

Consideran que somente son coerentes coa súa fé cristiá aquelas opcións políticas que loitan por construír unha sociedade socialista. Opcións que poden darse nos diversos partidos con proxecto socialista, ou en agrupacións populares non partidarias. Naturalmente, quedaría fora desta coerenza calquer partido, se o houbera, que proclamase ou practicase exclusión ou discriminación contra os militantes cristiáos. Non negaba o comunicado que poda haber, e haxa, crentes que de boa fé asuman opcións políticas de sentido capitalista. Pero coida que esas opcións non serían coerentes, é dicir, non serían fruto dunha análise iluminada sobre as relacións que se dan entre fé cristiá e sociedade actual. Por iso invitaba a todos os cristiáos galegos a reflexionar sobre as esixencias que prantea hoxe a chamada evanxélica a estar cos pobres e cos mais débeis.

Fruto do pluralismo de conceicións entre os asistentes ao Coloquio respecto do País Galego, foi que a alusión á necesidade dun compromiso político auténticamente galego aparece intencionadamente xeral e abstracta. En contraste, a petición de amnistía total para os presos, exiliados e represaliados por motivos políticos e laboráis, foi unánime e ben concreta.

Esta edición dos Coloquios conseguiu, entre outras cousas, romper dunha vez o tabú cuase sempre interposto entre relixión e política. ¿E un sinal mais de que nos tempos que corremos hai que definirse?

Celso MONTERO